



Anexo I

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO – TRABALLADOR

OBRADOIRO DE EMPREGO “RESINAS DO AVIA-MIÑO”

Entidade Promotora: CONCELLO DE RIBADAVIA
Subvencionado pola CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O FSE.

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego deberán cumprir os requisitos mínimos previstos nos artigos 2 e 12 da Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Primeira.- Requisitos para poder participar como alumnado-traballador:

- Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Además, deberán manter o cumprimento dos requisitos esixidos na Lei 18/2014, modificada polo Real Decreto- Lei 6/2016, do 23 de decembro, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego

- Cumprir os requisitos para poder formalizar o contrato de formación e a aprendizaxe, de acordo co previsto no artigo 11.2 .c) e na disposición adicional segunda do vixente texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

Segunda.- A selección farase mediante a aplicación do seguinte baremo:

	CRITERIOS	PUNTOS
1	Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas	6
2	Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema	4
3	Discapacidade \geq 33%	1



4	Idade	De 18 ata 20 anos	0,5
		De 20 ata 22 anos	1
		De 22 ata 24 anos	2
		De 24 ata < 30 anos	3
5	Experiencia laboral	Ningunha	3
		Ata 12 meses	2
		≥ 12 meses	1
6	Nivel de cualificación profesional	Baixa (que non posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria)	3
		Media (que posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)	1,5
		Alta (que posuan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5

Terán prioridade para resultar seleccionadas no proceso as persoas que non tiveran participado nun Obradoiro de Emprego nas dúas últimas convocatorias. En todo caso, os candidato/as non poderán cursar unha especialidade formativa que xa teñan superada.

As persoas candidatas cumprimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración responsable con presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

A distribución dos postos estará, de selo caso, en función do acordo asinado polos responsables dos concellos participantes.



Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:

- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces..
- Non teñan experiencia laboral ou a que teñen sexa menor
- Non teñan cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Tempo no desemprego
- Colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

Serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

De conformidade co artigo 13 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas polo Grupo Mixto. As súas resolucións poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

Ourense, 4 de setembro de 2018

Representantes da Entidade Promotora

José Iván Martínez Arias

Noemí Alonso Cubo

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense



Teresa Puga Iglesias

Mª del Mar Añel Pollos